


**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A TRAVÉS DA
CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA E O CONCELLO DE SANTIAGO PARA
A EXECUCIÓN DUNHA PARADA DE AUTOBÚS NA RÚA CLEMENTE FERNÁNDEZ SARELA**

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2018

REUNIDOS



Dunha parte, Dña. Ethel María Vázquez Mourelle, Conselleira de Infraestruturas e Vivenda, segundo designación efectuada polo DECRETO 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean aos titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, (Diario Oficial de Galicia núm. 217, do 14 de novembro de 2017), e en uso das atribucións que lle corresponden de acordo co artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, regulador da Xunta e da súa Presidencia e co Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, publicado por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (Diario Oficial de Galicia nº 82, do 30 de abril de 1991); en nome e representación da Xunta de Galicia.

Doutra parte, D. Martiño Noriega Sánchez, Alcalde do Concello de Santiago de Compostela, en virtude da representación legal atribuída polo artigo 124.4ª) da Lei de Bases do Réxime Local.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Comunidade Autónoma de Galicia, en función do previsto no artigo 148.5 da Constitución Española e no artigo 27.8 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ostenta competencias exclusivas e materia de ferrocarrís e estradas, non incorporadas á rede do Estado, cuxo itinerario se desenvolva integramente no territorio da Comunidade Autónoma e, nos mesmos termos, o transporte desenvolvido por estes medios ou por cable.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, de conformidade co previsto no Decreto 37/2017, do 6 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda (Diario Oficial de Galicia núm. 70, do 10 de abril), modificado polo Decreto 1/2018, do 11 de xaneiro, ten entre as súas competencias e funcións a de impulso, xestión e coordinación das políticas nos ámbitos da planificación, financiamento e ordenación do transporte.

Segundo. O Concello de Santiago de Compostela é titular de competencias en materia de planificación, xestión, execución e disciplina urbanística, de tráfico, estacionamento de vehículos, mobilidade e transporte público de viaxeiros de conformidade co establecido no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril Reguladora das bases de Réxime Local e no Art.80.2 d) e m) da Lei da Administración Local de Galicia de 5/1997 de 22 de xullo.

Terceiro. A necesidade de adecuar unha parada de autobús exclusiva para as liñas interurbanas de uso regular que estea localizada no concello de Santiago na contorna da rúa de San Lázaro, punto de acceso á cidade de Santiago de Compostela dende a saída norte da

AP-9.

Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e o Concello de Santiago que permitan construír unha parada de autobús, con capacidade suficiente para a espera de tres autobuses en hora punta, na rúa Clemente Fernández Sarela, en condicións óptimas de seguridade para a subida e baixada de viaxeiros así coma o refuxio necesario para protexelos das inclemencias meteorolóxicas.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS

O obxecto do convenio comprende as seguintes actuacións:

- Redacción da memoria/proxecto e execución da obra dunha parada que dea cabida ao mesmo tempo a tres autobuses dunha lonxitude máxima de 15m.
A actuación incluírá o retranqueo dos postes de iluminación existentes e outros servizos afectados, sinalados no plano do anexo nº1 do presente convenio.

- Subministro e instalación dun refuxio sobre a zona habilitada a tal efecto na actuación de adecuación da parada.

A parcela, titularidade do Concello de Santiago sobre a que se fará a actuación é a sinalada no anexo nº1 do presente convenio, comprendendo ademais da rúa Clemente Fernández Sarela 22 m² de zona verde da parcela 9784201NH3498D.

TERCEIRA. ORZAMENTO

O orzamento necesario para a execución das actuacións obxecto do convenio estímase en SESENTA E UN MIL DOUSCENTOS TRINTA E DOUS EUROS CON DEZ CÉNTIMOS (61.232,10 €) IVE incluído, repartido do seguinte xeito:

- Memoria/proxecto para adecuación da parada: 4.840,00 €

Obra de adecuación da parada: 43.144,81 €. Este orzamento inclúe o orzamento base de licitación máis o IVE, e o orzamento de reposición de servizos afectados polas obras.

- Subministro e instalación dun refuxio: 13.247,29 €

CUARTA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

A Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, pertencente á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, asume os seguintes compromisos:

1) Elaborar e aprobar o documento técnico para realizar as obras previstas no presente convenio.

2) Adxudicar, dirixir, financiar e recepcionar as obras, segundo o proxecto. Para isto destinará ata un máximo de CORENTA E TRES MIL CENTO CORENTA E CATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (43.144,81 €) IVE incluído, con cargo á partida orzamentaria 08 02 512A 610.3 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2018.

3) Subministrar e instalar un refuxio de carácter urbano, segundo o deseño realizado pola Dirección xeral de Mobilidade en abril de 2018. Para isto destinará ata un máximo de TRECE MIL DOUSCENTOS CORENTA E SETE EUROS CON VINTE E NOVE CÉNTIMOS (13.247,29 €) IVE engadido, con cargo a partida orzamentaria 08 02 512A 610.3 dos orzamentos xerais da Xunta de Galicia para o ano 2018.

4) Poñer en coñecemento do Concello de Santiago a recepción das obras, que determinará o nacemento da obriga do Concello de Santiago de explotación, mantemento e conservación das mesmas, sen prexuízo das responsabilidades que correspondan ao contratista derivadas do contrato de obras coa Xunta de Galicia.

5) Formalizar a acta de devolución dos terreos postos a disposición polo concello de Santiago e entrega das obras no prazo dun mes dende a notificación da recepción destas.

QUINTA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE SANTIAGO

O Concello de Santiago de Compostela obrígase, con carácter previo á licitación das obras obxecto do convenio, a aportar testemuño do acordo adoptado polo órgano competente que en cada caso corresponda, sobre os seguintes extremos:

1) Poñer a disposición da Consellería de Infraestruturas e Vivenda os terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico axeltado para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula segunda. A posta a disposición quedará formalizada na correspondente acta.

2) Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren nestes casos e sobre o pago de taxas ou outros gravames derivados da execución da obra.

3) Asumir, logo da comunicación da Dirección Xeral de Mobilidade da recepción das obras, a explotación, mantemento e conservación delas, sen prexuízo da ulterior formalización da acta de entrega.

4) Formalizar a acta de devolución dos terreos postos a disposición polo concello de Santiago e entrega das obras no prazo dun mes dende a notificación da recepción destas.

SEXTA. SEGUIMIENTO E CONTROL

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

Para o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes, crearase unha comisión de seguimento, que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir.

A comisión de seguimento estará formada por un representante da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e un representante do Concello de Santiago de Compostela e poderá reunirse as veces que estime oportunas para o cumprimento das súas funcións.

SÉTIMA.- MODIFICACIÓN E EXTINCIÓN

1. O convenio poderá modificarse por acordo unánime das partes asinantes.

2. O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

3. Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista nas leis.



OITAVA.- VIXENCIA DO CONVENIO

O Convenio perfeccionase pola prestación do consentimento das partes e producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

En calquera momento, anterior á finalización do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo unánime das partes asinantes, sen que a súa vixencia supere os catro anos.



NOVENA.- NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza xurídica administrativa, sendo de aplicación o Decreto 246/92, do 30 de xullo, polo que se regulan as condicións de execución das obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público e réxese polo disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento dirimiranse ante a orden xurisdiccional contencioso-administrativa.

DÉCIMA. - PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

A sinatura do presente convenio supoñerá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por duplicado exemplar.

Pola Consellería de Infraestruturas e

Vivenda da Xunta de Galicia



Ethel Ma Vázquez Mourelle

Pelo Concello de Santiago de Compostela



Martíño Noriega Sánchez



ANEXO Nº 1

